




## Balance de dous anos de vixencia do acordo retributivo estatal: seguimos perdendo cartos

*O resultado de negarse a aceptar a proposta da CIG na negociación que tivo lugar no ano 2022, que incluía unha cláusula de revisión salarial para evitar perder poder adquisitivo, está xa perfectamente claro: en dous anos perdemos o 1,8% de poder adquisitivo nas nosas nóminas e todas as previsións de cara ao 2024 apuntan a que pecharemos o ciclo deste novo acordo coa administración como única beneficiaria do pactado xa que sobe os salarios dos e das empregadas públicas por debaixo da carestía da vida.*

*Pechados os datos oficiais do IPC e do PIB de 2023 a CIG-Ensino pode confirmar xa unha revisión do que implica neste momento o acordo salarial a tres anos pactado polo Ministerio de Facenda co sindicalismo pactista habitual*

### COMPARATIVA DOS EFECTOS DO PACTO SALARIAL 2022-24 DE CCOO E UGT CO GOBERNO ESTATAL NOS DOUS PRIMEIROS ANOS DA SÚA VIXENCIA: SEGUIMOS PERDENDO CARTOS !



Para sermos o máis obxectivos posíbeis á hora de facer unha valoración dos efectos dun pacto que marca o noso soldo debemos ter en conta o propio pacto en si -o momento no que se produce- e as súas consecuencias.

**No ano 2022 CCOO e UGT pactaron co Ministerio de Facenda un acordo a tres anos que non se vinculaba directamente co IPC.** Fixérono a sabendas do que facían, non por despiste: a sinatura do acordo produciuse no momento no

que o **IPC** estaba **totalmente disparado** (chegaba naquel mes ao **9% interanual**). A proposta da CIG naquela negociación foi subir **un 5% cada ano cunha cláusula de revisión salarial ao final de cada ano**, para garantir non perder poder de compra.

O resultado no **primeiro ano** foi un desastre para os nosos petos: **o IPC interanual subiu un 5,7% no 2022** e a **dos nosos salarios** (con todas as subas habidas e por haber) **quedou nun 3,5%**.

No **segundo ano** do acordo, xa co **IPC oficial pechado en decembro no 3,1%** e cos datos oficiais do PIB, a **suba salarial queda no 3,5%** (do que faltaría por cobrar un 0,5% que pagarán nos próximos meses con carácter retroactivo), o que permite recuperar tan só unha parte do perdido no 2022. **A diferenza, con todo, é do 1,8% entre o que realmente cobramos e a evolución dos prezos.**

No **2024** está incluído no acordo do sindicalismo pactista unha **suba do 2%** que terá que agardar a que **o Goberno aprobe os orzamentos ou ben diante o pago mediante un Real Decreto**. No mellor dos casos (tamén en función da **evolución do PIB e non do IPC**) poderíamos chegar - xa dentro de un ano- **ao 2,5%**. Para que o resultado final do pacto salarial a tres anos igualase prezos e salarios o IPC tería que rematar o 2024 no 0,7%, algo totalmente imposible tendo en conta a evolución dos prezos e da economía. Sen ir máis lonxe, **o IPC adiantado de xaneiro de 2024 está no 3,4%**. **Todo o que dentro de un ano supere a porcentaxe de 0,7% será o que as empregadas e empregados públicos perderemos de poder adquisitivo** polo acordo estatal a tres anos: unha vergoña que sexa como resultado dun acordo sindical.

**Canto perde ao mes o profesorado polo acordo estatal?**

A efectos prácticos, o resultado

para o profesorado pode apreciarse no que teríamos que cobrar a maiores por mes se no resultado final dos anos 2022 e 2023 os nosos salarios tivesen subido tanto como o IPC. No cadro que se achega podemos ver como **esas contías van desde un mínimo mensual de 42,62€ até 65,14€**, sempre sen ter en conta cargos ou coordinacións. Non estamos neste caso a computar todo o que nos deben senón tan só como debería aumentar a nómina de xaneiro e seguintes.

### **As pensións soben máis que os salarios**

Un dos elementos a ter en conta na situación actual da evolución dos nosos salarios é que non era imposible chegar a acordos como os que defendía a CIG de subir o 15% en tres anos. Non era unha esaxeración. Vémolo, por contraste, co que pasa coas pensións públicas, que ao estaren referenciadas co IPC interanual medio (que foi máis elevado que o interanual nestes dous últimos anos) **subiron o 12,3% (un 8,5% no 2022 e un 3,8% no 2023)**, moi por riba dos salarios do sector público. Dentro dun ano veremos como

as pensións terán subido en tres anos ao redor do que a CIG propuxo para os salarios públicos.

O efecto da proposta da CIG rexeitada, polos dous sindicatos asinantes (CCOO e UGT) e polo Ministerio de Facenda, sería ter cobrado inicialmente **un 5% no 2022, cunha actualización retroactiva a final de ano do 0,7% (polo desvío do IPC) e novamente un 5% no 2023. Isto levaríanos a estar agora cun aumento salarial do 10,7%**, unha cifra inferior á suba das pensións polo diferente sistema de cálculo do IPC (medio ou interanual).

**A CIG vén de solicitar unha entrevista con Escrivá, novo ministro de Función Pública**, para trasladarlle as propostas do sindicato maioritario en Galiza en materia retributiva para o conxunto das traballadoras e traballadores do sector público, de cara a que se superen os efectos perniciosos sobre os nosos salarios que tivo o pacto sindical de 2022. O obxectivo: recuperar o que nos fan perder e **vincular as nóminas, cando menos, á evolución real dos prezos.**

### **Diferenza retributiva mensual entre os efectos do acordo estatal e a suba do IPC (suma dos datos de 2022 e 2023)**

	<b>DIFERENZA</b>
<b>Mestra</b>	<b>-42,62</b>
<b>Mestra con 12 anos de servizo</b>	<b>-48,19</b>
<b>Mestra con 30 anos de servizo</b>	<b>-58,27</b>
<b>PES e outros corpos sen antigüidade</b>	<b>-47,89</b>
<b>PES e outros corpos con 12 anos de servizo</b>	<b>-54,10</b>
<b>PES e outros corpos con 30 anos de servizo</b>	<b>-65,14</b>